

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DO PREMIO DO IX CONCURSO DE SUBTITULACIÓN AO GALEGO DE VÍDEOS TED DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA #traduceTED2024

Mediante a Resolución reitoral do 9 de xullo de 2024 convocouse o **IX Concurso de subtitulación de vídeos TED ao galego**. De acordo co apartado 5 da convocatoria, e logo do acordo do Xurado de Selección encargado da valoración dos traballo presentados, reunido o día 09 de decembro de 2024, esta Vicerreitoría resolve:

Publicar a concesión dos premios da convocatoria para cada modalidade:

Modalidade A) Dirixida a alumnado, PDI ou PTXAS da USC durante o ano 2024.

- **1º premio:** 300 euros (trescentos euros) a:
Paola Costa Villanueva, polos subtítulos “En busca da materia invisible que forma o universo”, elaborados para o vídeo *The search for the invisible matter that shapes the universe*, de Chanda Prescod-Weinstein.
- **2º premio:** 250 euros (douscentos cincuenta euros) a:
Paola Costa Villanueva, polos subtítulos “As matemáticas poden axudar a revelar as incógnitas do cancro?”, elaborados para o vídeo *Math can help uncover cancer's secrets*, de Irina Kareva.
- **3º premio:** 200 euros (douscentos euros) a:
Rosa María Peña Crecente, polos subtítulos “Por que non se pode meter metal no microondas?”, elaborados para o vídeo *Why can't you put metal in a microwave?*, de Aaron Slepkov.

Modalidade B) Dirixida a persoas alleas á USC.

- **1º premio:** 300 euros (trescentos euros) a:
María Suárez Seijas, polos subtítulos “Unha sinxela pregunta que podería mellorar a saúde das mulleres”, elaborados para o vídeo *1 simple question that could improve women's health*, de Meryam Sugulle
- **2º premio:** 250 euros (douscentos cincuenta euros) a:
Diego Rodríguez Vila, polos subtítulos “Un plan audaz para renaturalizar a Terra a escala masiva”, elaborados para o vídeo *A bold plan to rewild the Earth — at massive scale*, de Kristine McDivitt Tompkins.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso

contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Gumersindo Feijoo Costa
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/12/2024 12:38:40.

CSV: D86F-C010-48A3-89A1